



PRESENTACIÓN MATERIA

MATERIA	Identidade Dixital	CURSO	2º ESO
CURSO ACADÉMICO	2022/2023	PROFESOR	Adrián Blanco González

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 1

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
<p>A identidade persoal, identidade social e diversidade humana. O proceso na construción da identidade</p> <p>O concepto de intimidade. Exposición pública da intimidade</p> <p>Declaración Universal dos Dereitos Humanos. A dignidade como ser moral e o valor da persoa. A igualdade de dereitos entre homes e mulleres.</p> <p>A Constitución española</p> <p>Dereito á honra. Dereito á intimidade persoal e familiar. Dereito á imaxe</p> <p>A identidade dixital en menores de 14 anos. Dos 14 aos 18 anos</p> <p>Liberdade de expresión e límites. Liberdade de información e límites</p> <p>Conflicto ou colisión de dereitos</p> <p>Lei orgánica de protección de datos. Dereitos ARCO</p> <p>Lei de propiedade intelectual e corrente de pensamento. Cultura libre</p> <p>Dereito ao olvido</p> <p>Brecha dixital. Tipos de brecha dixital: global, social e democrática</p>	<p>Identifica as diferenzas básicas que existen entre os conceptos identidade persoal, identidade social e diversidade humana e pon exemplos da vida cotiá.</p> <p>Acorda unha definición para os conceptos de identidade social e diversidade humana a través do consenso co grupo.</p> <p>Recoñece e valora o poder que posúe para construír a súa propia identidade e exemplifícao coa creación dunha batería colaborativa de propostas a través da súa recollida nun único documento.</p> <p>Investiga o significado do concepto intimidade e a que tivo ao longo do tempo e do espazo, expoñendo a través dun breve informe as conclusións obtidas.</p> <p>Extrapolando diferentes prácticas de exposición persoal do seu contorno, como a publicación de imaxes de menores sen o seu consentimento, a unha sociedade ficticia sen pantallas e inventa posibles lugares de exposición pública destas imaxes analizando a súa pertinencia ética.</p> <p>Identifica no preámbulo da DUDH os elementos que constitúen dereitos inalienables</p> <p>Investiga que entidades se ocupan da salvagarda dos dereitos humanos en todo o mundo</p> <p>Identifica de xeito colaborativo as liñas de traballo de entidades que se ocupan da salvagarda dos dereitos humanos en todo o mundo, e comunícaas a través dunha posta en común que se materialice nalgún documento escrito.</p>

	<p>Identifica e aprecia os valores éticos fundamentais da Constitución española, e sinala a orixe da súa lexitimidade e a súa finalidade mediante a lectura comprensiva e comentada do seu preámbulo. Sinala e comenta a importancia dos dereitos á honra, á intimidade persoal e familiar, á propia imaxe e ao segredo de comunicacións. Simula mediante xogos de rol as consecuencias de diferentes accións de dereitos e deberes nas redes de persoas menores de idade. Contrasta os anteriores dereitos co dereito á liberdade de expresión de pensamentos e a comunicar e recibir libremente información veraz, seus límites, mediante a lectura e análise de casos reais. Argumenta unha postura determinada nun debate arredor dunha situación de conflito de dereitos. Elabora e ilustra en grupo nunha infografía algún dos aspectos referidos no ARCO.</p> <p>Identifica os catros elementos principais da propiedade intelectual e dá exemplos</p> <p>Identifica as posibilidades e restricións de uso dalgunha obra creativa na rede, atendendo á súa licenza de propiedade intelectual.</p> <p>Investiga sobre as novas formas de compartir coñecemento na rede de Cultura libre e presenta conclusións en diferentes soportes.</p> <p>Define o dereito ao esquecemento e identifica estratexias individuais que contribúan a minimizar os danos da súa ausencia rexistrándoos nunha plataforma.</p> <p>Identifica o concepto de fenda dixital e pon exemplos tirados da vida real.</p> <p>Busca as causas e argumenta de modo oral mediante unha exposición as derivadas dos exemplos seleccionados.</p> <p>Elabora de xeito colaborativo un decálogo</p>
--	---



CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 2

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
<p>A identidade dixital como construción social. A identidade híbrida Rastro dixital. Os servizos gratuitos na rede A imaxe que os demais teñen da nosa identidade dixital A relación establecida entre os diferentes membros da rede Xestión da identidade dixital. Revisión da identidade Construción da reputación. Marca persoal. Relación entre marca persoal e identidade dixital Proxectos personais</p>	<p>Explica o concepto de identidade como unha realidade dinámica e cambiante que suporta a permanencia do rastro dixital. Compara os conceptos identidade dixital e analóxica e establece as relacións que existen entre a propia identidade dixital e a analóxica. Identifica prácticas dixitais habituais que ilustran esta relación (proxección da imaxe, da vida real na vida dixital...) e toma conciencia sobre a trascendencia dos nosos actos na vida real. Identifica o rastro dixital de accións cotiás de uso da rede a través de exemplos reais. Investiga e presenta o funcionamento dun produto de mercado derivado de servizos aloxados na rede. Identifica os trazos físicos, emocionais, sociais, intelectuais, espirituais... que proxectamos na vida cotiá e cotéxaos con aqueles que proxectamos nas redes. Explica os intereses e afeccións que manifestamos na rede a través do vínculo con determinadas comunidades con que interactuamos mediante a elaboración dunha relación daquela comunidade na que formamos parte Elabora en grupo unha infografía ilustrada coas recomendacións máis importantes para a construción da propia identidade dixital Relaciona os conceptos de marca persoal e identidade dixital atendendo ao tipo de imaxe que a marca persoal pode ter sobre a propia identidade persoal. Planifica, describe e elabora un proxecto de futuro de construción de identidade dixital atendendo ás fases de viabilidade (posibilidades reais de construír a imaxe dixital), planificación (definición de estratexia xeral, aplicacións a utilizar, configuración de aplicacións, estrutura de publicación e interacción, tarefas, etc.) execución do plan e valoración final.</p>

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 3

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
-----------------------	---------------------------

<p>A cultura da participación</p> <p>Busca, uso e comunicación de maneira creativa, legal e ética</p> <p>Plataformas de acollida libre e pública de peticións por internet tanto próximas como globais</p> <p>Proxectos de creación e de microfinanciación global e no entorno próximo</p> <p>Participación e respecto na rede. Empatía dixital</p> <p>Benestar e xestión dos tempos de consumo na rede</p> <p>Medidas e hábitos de seguridade na navegación. Configuración axeitada da seguridade e da privacidade</p> <p>Ameazas á privacidade na rede. Configuración da privacidade nas redes sociais. Alteracións derivadas da sincronización entre plataformas</p> <p>Alteracións da privacidade por parte de terceiros</p> <p>Ameazas á reputación na rede. Informacións descontextualizadas. Publicacións, falsas, insinuacións ou calumnias. Publicacións que exceden a liberdade de información. Suplantación de identidade en internet</p> <p>Convivencia na rede. Exemplos de boas prácticas</p> <p>Reacción ante a violación de dereitos. Denuncia interna aos provedores de servizos. Denuncia ante a AEPD. Denuncia xudicial</p>	<p>Localiza e recupera información relevante e veraz sobre algún interese propio e destaca diferentes estratexias de busca utilizadas.</p> <p>Interpreta e analiza a mesma información en fontes diferentes.</p> <p>Selecciona unha petición de carácter cívico dunha plataforma pública ou un proxecto e elabora algunha proposta de contribución simple á súa difusión.</p> <p>Exemplifica sobre os perigos que encerra o fenómeno da socialización global á marxe de éticos universais e dialoga na procura de solucións.</p> <p>Propón actuacións coherentes que poñan en contacto a súa comunidade global co seu entorno de participación local.</p> <p>Identifica e comparte coñecemento na rede sobre algunha habilidade, experiencia, competencia, coñecemento, calidade propia e comunícaa a través de diferentes soportes.</p> <p>Recoñece as posibilidades que ofrecen as plataformas para elaborar, compartir e finalizar proxectos de xeito colectivo.</p> <p>Xustifica o uso das redes sociais facendo fincapé nas oportunidades e vantaxes que ofrecen.</p> <p>Reflicte sobre os momentos en que a tecnoloxía non debe estar presente en accións cotiá e expón as conclusións a través de micronarrativas (memes, gifs, viñes...).</p> <p>Coñece os riscos de seguridade na rede e emprega hábitos de protección adecuados.</p> <p>É consciente dos dereitos de terceiros no momento de compartir datos na rede.</p> <p>Pon de manifesto a necesidade de protexer os datos mediante políticas de privacidade e contraseñais seguros.</p> <p>Aplica técnicas de protección da privacidade en prácticas reais ou ficticias na rede.</p>
--	--



CRITERIOS, ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para realizar a avaliación empregaranse probas escritas, para determinar se o alumnado alcanzou aqueles coñecementos mínimos que se esperaba, exercicios prácticos, avaliados mediante listas de cotexo, para comprobar se o alumnado é capaz de por en práctica aquilo que aprendeu, e valoración da actitude e participación, mediante rexistros anecdóticos.

Realizarase unha proba escrita por avaliación, así como diversos traballos prácticos.

As probas escritas, terán un peso dun 30% sobre a nota final da avaliación.

Os traballos prácticos, terán un peso dun 50% sobre a nota final da avaliación.

Tamén se valorará cun 20% sobre a nota final a actitude e participación do alumnado, así como o correcto comportamento nos traballos en grupo.

PROMOCIÓN

Superarán a materia aqueles alumnos e alumnas que teñan unha nota superior ou igual a 5, tras calcular a nota media das avaliacións. Para poder facer media, deberán de ter polo menos un 4 en todas as avaliacións.